



CONCELLO DE MUXÍA

Nota de prensa

Muxía, 22 de novembro de 2017

PROGRAMACIÓN DO CONCELLO DE MUXÍA EN TORNO AO 25 DE NOVEMBRO.

O Concello de Muxía programou unha serie de actividades para conmemorar o Día contra a violencia de Xénero e contribuir a erradicar a violencia machista de tódolos ámbitos da sociedade.

As actividades programadas son as seguintes:

- **Curso de defensa persoal**

O Concello de Muxía, integrado na Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, organiza a través do Centro de Información ás mulleres, un curso de “Defensa persoal e autocapacidades”, no marco do acordo de colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias. Ten como obxectivo o adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións.

Impartirase por monitores/as especialistas en defensa persoal e integrantes da Federación Galega de Loita, e será os días 16 a 24 de novembro, en horario de 9.30 a 13.30 horas, no Edificio de Servizos múltiples municipal.

As mulleres interesadas deberán inscribirse no Centro de Información ás mulleres, Rúa Real 35 (3º andar da Casa do Concello). As prazas son limitadas.

- **Campaña Muxía en Negro**

O 17 de decembro de 1999 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o 25 de novembro como *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres*, convidando a gobernos, organizacións internacionais e organizacións non gubernamentais a desenvolver actividades dirixidas a sensibilizar á poboación respecto da situación de violencia na que viven moitas mulleres. Desde 2003 ata maio do 2017, a Delegación do Goberno rexistrou 53 asasinatos machistas en Galicia, e 780 no Estado.

Dende o **Concello de Muxía** consideramos que a actual situación require dunha resposta unánime de toda a sociedade que poña de manifesto o rexeitamento de todas as formas de violencia contra as mulleres. Para iso, animamos a tódolos sectores a implicarse na conmemoración do 25 de novembro.

A proposta da campaña “**Muxía en negro**” é vestir de loito a nosa vila, en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia, e como resposta a máis dura das súas consecuencias, a morte.

Animamos a que dende o **23 ao 26 de novembro**, as tendas, comercios, empresas, bares, postos do mercado, etc. sexan vestidos de negro (os manequíns, os manteis do restaurante, ou un/ha mesmo/a). Dende o Concello de Muxía enviaremos material e información a quen o solicite e tamén compartirémolo nas redes sociais. O obxectivo é poñer sobre as axendas, coa maior contundencia posible e dunha vez por todas, a violencia machista como un problema público, de toda a cidadanía.

As persoas interesadas en participar só teñen que chamar ao número de teléfono **981 742 001 ext. 1012** ou enviar un correo electrónico a cim@muxia.es cos datos do establecemento (nome e enderezo) e da persoa de referencia (nome e teléfono).

- **Concentración 24 de novembro**

O Concello de Muxía convoca unha concentración o venres, 24 de novembro, ás 12.00h., diante da Casa consistorial, no que será gardado un minuto de silencio en lembranza das vítimas e darase lectura a unha declaración institucional para reiterar o noso compromiso para loitar pola erradicación das violencias contra as mulleres.

- **“Maxia pola igualdade” con Fani Triana**

O 25 de novembro, **Día Internacional pola erradicación da violencia contra as mulleres**, conmemoramos a data traendo unha maga, Fani Triana. Unha muller das poucas magas coñecidas e que ademais está moi comprometida coa igualdade.

A actuación chega a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña e será ás 18.30 h., no Salón de Actos do Voluntariado de Muxía. A entrada é libre e para tódolos públicos.

Tradicionalmente o papel da muller nos espectáculos de maxia foi o de apoio ou axudante ao mago masculino. Fani Triana toma o papel protagonista e ademais faino nesta ocasión cun espectáculo “*Maxia pola igualdade*” no que tenta concienciar sobre a igualdade de xéneros.

Sinopse do espectáculo:

A nosa protagonista, Fani Triana, chega a casa despois dunha xornada longa de actividades. Coma a todas as mulleres, o día non remata chegando ó fogar. A ilusionista creará fantasías cá louza da cociña, vasoiras, roupas, panos, mobiliario do salón, demostrará o sexto sentido e a intuición feminina, e rematará cunha exposición de forza física e mental: a mesma forza que durante décadas levan amosando as mulleres en prol dos seus dereitos fundamentais